

TEMPORADA 2016 / 2017



**CONTIGO,
PAN E...**
**CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO**

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a
unidade de produción teatral da Xunta
de Galicia, dependente da Consellería
de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria a través da Axencia
Galega das Industrias Culturais
(Agadic)

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
facebook.com/cdg.salonteatro

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
facebook.com/agadic

Dando la cara no hay bueno ni malo. ¡Hay que ser soberbio y dar la cara contra el mundo entero! Yo respondo de todas mis acciones, y con esto solo, ninguno me iguala.

Dando a cara non hai bo nin malo. Hai que ser soberbio e dar a cara contra o mundo enteiro! Eu respondo de todas as miñas accións, e con isto só, ninguén me iguala.

As galas do defunto, Valle-Inclán

ÍNDICE

01

Presentación 06

02

Producción propia

Martes de Carnaval, de Ramón María del Valle-Inclán 08

03

Coproducións 14

O conto de inverno, de William Shakespeare 15

Vida e morte de Daniel Faria, de Pablo Fidalgo 19

Os mortos daquel verán, de Carlos Casares 23

Elisa e Marcela, de Gena Baamonde, Esther F. Carrodegua
e A Panadaría 27

04

Dramaturxente 32

05

Xornadas sobre Dramaturxia Galega. 33

06

Residencias	35
<i>Salvador</i> , de Borja Fernández	36
<i>Política de terra queimada</i> , de Germán Gundín, Merche Pérez, Antón Piñeiro, Diego Rodríguez e Amanda Seijas.	37
<i>Desconexión</i> , de Santiago Cortegoso	38
<i>Tropical</i> , de Elefante Elegante	39
<i>Elisa e Marcela</i> , de Gena Baamonde, Esther F. Carrodegua e A Panadaría Teatro	40

07

Formación	41
---------------------	----

08

Publicacións.	42
<i>Tartufo</i>	42
<i>Proxecto Nós</i>	42

09

Exhibición	43
----------------------	----

10

Servizos	54
--------------------	----

PRESENTACIÓN

Dende que escribía a presentación da temporada anterior sucesos impensables tiveron lugar. O Brexit, do que tanta mofa houbo, fíxose realidade; Trump, a cuxa candidatura tan pouca credibilidade se lle concedeu, será en cuestión de días o novo presidente dos Estados Unidos. E mentres todo isto sucede, ábrese ante nós unha nova temporada. Unha temporada máis, nin máis nin menos. Abríndoa, abrímonos tamén a novas propostas, algunhas máis innovadoras e outras de longo percorrido. Coma unha boneca rusa, procedemos pois a desvelar os seus contidos. Extraíamos boneca a boneca, cada unha máis pequena ca anterior, pero en ningún caso por iso menos coidada.

En primeiro lugar, e como xa saberán, no ano 2017 poderemos escoitar en galego sobre o escenario as palabras dun dos nosos máis célebres e desexados dramaturgos. *As galas do defunto* e *A filla do capitán* serán as montaxes encargadas de inaugurar esta nova etapa da relación entre Valle-Inclán e a escena galega por parte do Centro Dramático Galego (CDG). Trátase dun proxecto cargado de ilusión tamén porque abre as portas do CDG a dous directores cun proxecto máis que consolidado na súa calidade artística, que traballarán en cadansúa proposta escénica sen esquecer o diálogo a manter entre ambas pezas: Marta Pazos e Tito Asorey. Con eles chega un magnífico equipo compartido e todo o entusiasmo que esta nova produción esperta.

A segunda boneca desta temporada vén chea con catro coproducións: dous proxectos bianuais que xa anunciamos a primavera pasada pero poderemos ver no noso escenario en 2017: *O conto de inverno* de William Shakespeare polo Teatro da Oficina de Guimarães, e *Vida e morte de Daniel Faria* por Materiais Diversos. A estas dúas propostas únese a lectura dramatizada a cargo de Talía Teatro da novela de Carlos Casares *Os mortos daquel verán*. Este autor, ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas próximo, e que xa pasara polo Salón Teatro coas súas máis que célebres *Laranxas*, regálanos nesta ocasión unha intelixente novela policíaca que nos somerxerá na procura da ansiada verdade. Finalmente, colaboraremos coas moi atinadas Panadaría Teatro na súa nova montaxe *Elisa e Marcela*, desenvolvida a partir dun texto de nova creación. Podemos dicir, polo tanto, que tres das catro coproducións das que gozaremos este ano teñen como núcleo un texto dun/ha autor/a galego/a contemporáneo/a.

Unha terceira boneca será o programa de apoio á Dramaturxia Galega Contemporánea, que demos en chamar *Dramaturxente*. Esta liña da nosa actividade dáse por inaugurada dende a semana pasada, coa celebración das Xornadas sobre Dramaturxia Galega que celebramos neste mesmo teatro coa colaboración da Asociación de Dramaturxia Galega DramaturGA. Cobrará corpo o vindeiro ano, tamén a través dalgunhas das nosas coproducións e residencias, así como en parte da nosa actividade de formación. Ademais, podemos anunciar unha moi boa nova ao respecto, xa que en 2017 retomaremos a nosa actividade de edición de textos teatrais aínda non publicados en galego. Levará o nome de *O papel do teatro* e o primeiro volume desta nova colección do Centro Dramático Galego en colaboración con Edicións Positivas será *Tartufo* de Molière.

En cuarto lugar, proseguimos o programa de residencias. Neste ano, cheo de proxectos novos que pisan con forza, teremos ocasión de albergar artistas cunha extensa traxectoria coma Borja Fernández ou Xurxo Cortázar e compañías como Elefante Elegante ou como Santa Nómima e A Panadaría, de máis curto pero non menos prometedor percorrido.

Como xa mencionei, outra das iniciativas que reabrimos será a actividade de formación, orientada, por unha banda, aos profesionais de todos os sectores das Artes Escénicas e, pola outra, aos espectadores. Neste segundo grupo enmárcanse os talleres de Nadal dedicados aos máis pequenos, así como os encontros co público que se veñen celebrando dende comezos do presente ano.

En último lugar, non quero deixar de mencionar unha nova proposta escénica cun nome prometedor. Baixo a etiqueta de Teatro Ob-sceno acolleremos no Salón Teatro aquelas iniciativas que requiren, para a súa axeitada representación, saírse do escenario, de aí que poidamos consideralas *obscenas*. Inaugurará este ciclo Teatro en Punto cun texto novamente dun autor galego contemporáneo no cuarto de baño dos camerinos.

A estas liñas de actividade únese a proposta de exhibición xeral, que en 2017 contará con compañías tan indiscutibles coma Teatro do Atlántico, a carón de recentes proxectos con moi boa acollida, coma Aporía Teatro. Réstanos mencionar as colaboracións habituais co Concello de Santiago, a Universidade de Santiago de Compostela, o Museo do Pobo Galego ou Escenas do Cambio, entre outras.

Podemos dicir, pois, que presentamos unha temporada sen prása pero sen pausa, chea de talento e gañas, que continúa co seu compromiso coa dramaturxia galega contemporánea, coa súa permanente colaboración coa profesión escénica galega, e co seu interese por propiciar o diálogo interxeracional entre os nosos artistas. Trátase dunha temporada que busca encher o noso teatro de espectadores e os nosos espectadores de afecto. Nesta temporada queremos lembrarnos a todas e todos, unha vez máis, que **con vós, pan e... Centro Dramático Galego**.

Fefa Noia

PRODUCCIÓN PROPIA

MARTES DE CARNAVAL

As galas do defunto

DIRECCIÓN: Tito Asorey

A filla do capitán

DIRECCIÓN: Marta Pazos

TEXTO: Ramón María del Valle-Inclán

ENSAIOS: Do 6 de febreiro ao 30 de marzo

ESTREA: 31 de marzo

FUNCIÓNS: Do 1 ao 23 de abril

XIRA: Do 24 de abril ao 6 de xullo

As galas do defunto

Un soldado retorna á súa patria despois de ter combatido na guerra de Cuba. Ao chegar atópase con Daifa, unha moza que se viu obrigada a exercer a prostitución despois de ser desprezada polo seu pai a causa dun embarazo fóra do matrimonio. Ante o aspecto miserento do soldado, a moza rexéitao. Este conduce os seus pasos ao cemiterio, onde desenterra o cadáver do seu recentemente finado caseiro para vestir coas súas ricas roupas e así poder presentarse ante Daifa con inmellorable aparencia. O que non espera é que o seu caseiro sexa o propio pai de Daifa...


Entre o riso e o estarrecemento por Tito Asorey

Cando dende a dirección do CDG se me transmitiu a posibilidade de escenificar a Valle-Inclán en galego sentín unha mestura de respecto, ledicia e responsabilidade. Respecto pola súa aura de escritor consagrado, de xigante das letras, de alquimista xerador dun idioma propio que resulta dun coñecemento extraordinario da materia lingüística que manexa; ledicia pola posibilidade de xogar cun material extraordinariamente teatral, riquísimo a nivel léxico e cunha forte relación co mundo que está a tocar vivir; e responsabilidade polo feito de ser consciente de que ter a posibilidade de poñer en escena a Valle-Inclán no noso idioma, despois de tantos anos de espera, era un cometido no que tería que afinar todos os meus sentidos para enfrontalo do modo que merece.

A razón esencial que activa a elección deste texto radica na absoluta vixencia da visión de Valle sobre un país sumido nunha profunda crise económica, moral e institucional. Reflectindo os tipos propios da literatura folletinesca nos espellos cóncavos da rúa de Álvarez Gato,

Valle fai unha disección dunha sociedade na que a ética pasou a ser cousa de privilexiados ou hipócritas e a vida deixou paso á supervivencia. Coas únicas armas da palabra e da acción escénica, o autor dinamita os conceptos tradicionais de Patria, Honor e Gloria, transformándoos en verbas que só son útiles para prorrogar un sistema corrupto e fondamente desigual.

As galas do defunto é unha peza provista dun humor negro implacable que continuamente está a transgredir a liña entre o riso e o estarrecemento. Nela, Valle ataca sen pudor e sen clemencia a unha sociedade enferma, que no seu patetismo deixou xa de ser trágica para converterse nunha sorte de sainete *grandguignolesco* que o espectador contempla con perplexidade e asombro. A viaxe de todo o equipo que participe nesta aventura será, de seguro, intensa. Agardamos que o público goce con este primeiro esperpento vallinclanesco no noso idioma.



Tito Asorey

O DIRECTOR

Titulado Superior en Arte Dramática (Dirección de Escena) pola ESAD de Galicia. Licenciado en Historia. Máster en Artes Escénicas.

Dedícase profesionalmente ao teatro dende o ano 2000 nas facetas de director e intérprete. Como director traballa en varios colectivos escénicos, dende compañías profesionais e grupos de teatro comunitario a formacións vinculadas ao movemento teatral ONCE. É premiado en tres ocasións co Premio Nacional de Teatro Joven “Buero” polos espectáculos *Remanente#1*, *Mort* e *Don Juan*, que foron representados na sede do Centro Dramático Nacional. En 2010 dirixe *Ai Camela!* para Teatro do Adro. En 2012 cofunda ilMaquinario Teatro, compañía coa que pon en escena *O home almofada* (2012) e *Perplexo* (2014), montaxe galardoada cos Premios María Casares 2015 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección, Mellor Iluminación e Mellor Versión. Na súa traxectoria cómpre destacar tamén o seu labor como axudante de dirección na Compañía Nacional de Teatro Clásico durante os anos 2013-2014, ademais de exercer como coordinador pedagóxico da Joven Compañía de Teatro Clásico.

En 2016 é o encargado de dirixir, dentro do Proxecto Nós, a coprodución do Centro Dramático Galego co Teatro Nacional São João do Porto, o Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa, e as escolas nacionais de teatro ESAD, ESMAE e ESTC, o espectáculo *O Mundo Persistente*, de Fernando Epelde.

Como actor estivo vinculado ás compañías Sarabela, La Imagina Machina e Ur Teatro. No eido audiovisual participa nas series de televisión *Serramoura* e *El final del camino*. En 2009 obtén o Premio María Casares polo seu papel na posta en escena d'A *Esmorga*.

A filla do capitán

Capitán “Chuletas de Sarxento” acusado de dar carne de prisioneiro no rancho da tropa, elude a xustiza cedendo os favores da súa filla Sini ao seu xeneral, un vividor moi ben posicionado no alto mando militar.

Por despeito, o namorado de Sini, un pobre músico ambulante, busca vinganza sobre o xeneral pero confunde a vítima e asasinna a un popular home de negocios que portaba na carteira poderosos documentos.

As tentativas de ocultar o crime por todos os implicados provoca unha bola de neve que deriva nunha sucesión de chantaxes, ameazas, tratos coa mafia, manipulación xornalística, loitas políticas e sublevacións militares nun fiel retrato dun país onde as decisións da alta política veñen derivadas dos vicios, os abusos e a ineptitude dos seus responsables.

Debaixo da alfombra por Marta Pazos

Onte lin no Facebook un *meme* que dicía *España é como o Titanic pero cos pasaxeiros aplaudindo*.

A filla do capitán é a historia de España. Publicada por primeira vez en 1927, Valle-Inclán baséase para construír esta peza en dous feitos reais da época: o pronunciamento de Primo de Rivera de 1923 e un famoso suceso de prensa sensacionalista: o crime do Capitán Sánchez, en 1913.

A partir da combinación destes dous incidentes Valle-Inclán desprega a súa sátira, simbolismo e acidez para presentalos como unha causa-efecto, e facer así un bodegón da mediocridade e corrupción de baixa estofa que rexe os altos estamentos políticos e militares. Isto é España, as miserias dos poderosos várrense debaixo da alfombra e aquí non pasou nada.

No medio desta gran chafallada nacional xorden as personaxes de Sini e O Golfante, unha sorte de Bonnie & Clyde, vítimas dunha patria que lles pasa por riba como unha apisoadora e contra a que se rebelan coas únicas

armas que lles aprenderon: a extorsión, a mentira e a picaresca.

Non será en absoluto complicado para o espectador atopar exemplos nos xornais dos últimos anos que sirvan para situar esta historia e comprobar que o esperpéntico espírito nacional non mudou demasiado. Pero ninguén como Valle-Inclán para airear con sorna e retranca as nosas miserias a través da súa pluma erudita. O desenvolvemento da trama lévanos directamente ao cine. As didascalías producen un *storyboard* imaxinario no que Valle se adianta á súa época. *A filla do capitán* é Berlanga, Azcona, Buñuel, Cuerda, Álex de la Iglesia...

Emprender esta viaxe xunto ao meu querido colega Tito Asorey asegura unha travesía divertida, intensa e emocionante. Temos un regalo entre as mans e somos conscientes do que supón. Valle-Inclán presenta en *Martes de Carnaval* un delicioso río de inmundicia. Só nos resta tirarnos de cabeza e gozar do baño. A ocasión ben o merece.



Marta Pazos

A DIRECTORA


Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, Marta Pazos comeza a dirixir no ano 2000. Dende entón asina a posta en escena dunha vintena de espectáculos, desenvolvendo o seu traballo (e a súa vida) a camiño entre Portugal e Galicia.

As súas direccións estiveron presentes en escenarios internacionais como MA Scène Nationale (Francia), Festival de Almada (Portugal), Festival de Agosto (Mozambique), Festlip (Brasil), FITEI (Portugal), Festivals Gil Vicente (Portugal) ou Capital Europea da Cultura-Guimarães 2012 (Portugal); no ámbito nacional puideron verse en Temporada Alta de Girona, Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro, Festival de Teatro Clásico de Alcalá de Henares, Frinje Madrid, MIT de Ribadavia e Escenas do Cambio de Santiago de Compostela, entre outros.

En 2011 outórgaselle o Premio de Teatro María Casares á Mellor Dirección por *Super8*, converténdose na directora máis nova en recibir este galardón, que volveu concedérselle en 2013 por *Tokio3* á Mellor Dirección e Escenografía. Entre outros galardóns recibidos cóntanse tamén o terceiro premio do Certame Nacional de Directoras de Torrejón de Ardoz, e o premio INDIFEST14 na categoría de intérprete protagonista.

Como actriz traballou no Teatro Nacional São João do Porto, o Centro Dramático Galego, o Centro Dramático de Aragón e nas compañías Teatro Oficina, Chévere, Trigo Limpo, La Fura dels Baus e Belmondo.

En 2007 funda en Santiago de Compostela a compañía Voadora, xunto ao actor Hugo Torres e o produtor Jose Díaz, na que desenvolve un traballo de investigación en creación escénica e dramaturxia contemporánea. Voadora conta na súa traxectoria con máis dunha decena de premios. En 2013 reciben o Premio da Crítica de Galicia.



Ramón María del Valle-Inclán

O AUTOR

Escritor e dramaturgo español, Ramón María del Valle-Inclán foi un dos grandes autores de principios de s. XX, exemplo de modernismo literario e membro da chamada Xeración do 98.

Nacido en Vilanova de Arousa (Pontevedra) no seo dunha familia acomodada vinda a menos, Valle-Inclán estudou en Santiago de Compostela a carreira de Dereito, máis por desexo do seu pai que por propia convicción. Tras a morte do seu proxenitor en 1890 abandonou os estudos e trasladouse a Madrid, onde comezou a facerse coñecido en faladoiros e cafés. Alí gaña diñeiro con colaboracións xornalísticas e publicando algúns contos, pero en 1892 decide viaxar a México onde seguiría ligado ao mundo do xornalismo, como articulista e tradutor.

De novo en terras galegas, é en Pontevedra onde mostra o seu renovado enxeño e vese influído polo decadentismo. En 1894 publicaría *Femininas*, a súa primeira antoloxía.

Instalado en Madrid, empeza a coñecer personaxes destacados como Pío Baroja, Azorín ou Benavente, frecuentando cafés e malvivindo con moi poucos recursos económicos. En 1896, tivo unha disputa con Manuel Bueno que desembocou nunha ferida que lle gangrenou o brazo, provocando a súa amputación. A súa figura de manco, con abundante barba e pelo longo, converteríase en aceno inconfundible de identidade.

Pouco despois comeza a súa carreira como dramaturgo, estreando obras como *Cenizas*, e empeza a formar parte do movemento de fin de século xunto a autores como Unamuno. Chegado xa o século XX, Valle-Inclán publicou as súas famosas *Sonatas*.

Quizais a súa etapa máis creativa viría a partir de 1910, con obras como *Voces de Gesta* ou *La marquesa Rosalinda*, aínda que non todas as críticas que recibe son todo o positivas que cabería agardar. Daquela a obra de Valle-Inclán vólvese máis persoal e decide dedicarse á novela. Deste período cabe destacar *Tirano Banderas* (1926) e a peza *Luces de bohemia* (1920) na que o esperpento se mestura coa realidade do Madrid dos cafés e a cínica tradición española.

Valle-Inclán morreu en Santiago de Compostela o 5 de xaneiro de 1936.

COPRODUCCIÓN

Tres das catro coproducións que presentamos esta temporada (dúas delas bianuais e que comezaron, polo tanto, en 2016) pódense enmarcar dentro do programa *Dramaturxente* de apoio á Dramaturxia Galega Contemporánea, mentres que a cuarta coprodución fai a súa achega ao diálogo cultural que dende o CDG se mantén entre Galicia e Portugal.

Así, Marcos Barbosa e o Teatro da Oficina veñen co seu *Conto de inverno* que, nesta ocasión, ten lugar entre os reinos de Portugal e Galicia.

Pablo Fidalgo, pola súa banda, preséntanos un traballo de tinturas biográficas e nova creación a partir dos poemas de Daniel Faria.

Diego Rey e Artur Trillo explorarán, por medio da súa lectura dramatizada, o potencial teatral da máis que suxerinte novela *Os mortos daquel verán* de Carlos Casares, autor ao que se lle dedicarán as Letras Galegas do próximo ano. Despois de gozar en temporadas anteriores de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, sorprenderémonos do poder teatral desta indagación políciaca.

Finalmente, o trío que conforman Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman —A Panadaría—, en colaboración con Esther Carrodegas e Gena Baamonde, presentaranos un texto de novo cuño que nos relata a inesperada e apaixonante historia de *Elisa e Marcela*.

COPRODUCCIÓN O CONTO DE INVERNO

TEXTO: William Shakespeare

TRADUCCIÓN: Fernando Villas-Boas (ao portugués) e Roberto Pascual (ao galego)

DIRECCIÓN: Marcos Barbosa

ELENCO: Ivo Alexandre, Carolina Amaral, Xosé Barato, Marcos Barbosa, Santi Cuquejo, Anabela Faustino, Alheli Guerrero e Marta Pazos

ESCENOGRAFÍA: Ricardo Preto

VESTIARIO: Susana Abreu

ILUMINACIÓN: Pedro Vieira de Carvalho

DIRECCIÓN MUSICAL: Manuel Fúria

MÚSICOS: Manuel Fúria e Os Náufragos

VÍDEO: Ricardo Freitas

ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Teresa Coimbra

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Teatro Oficina

COPRODUTORES: Teatro Oficina CCVF de Guimarães, Teatro Aveirense e Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

ENSAIOS: Do 1 de xullo ao 15 de agosto e do 7 ao 30 de setembro na Black Box da Fábrica ASA en Guimarães

ESTREA: 7 de outubro no Teatro Aveirense de Aveiro

FUNCIÓNS: Xaneiro no Teatro Oficina de Guimarães. Xuño no Teatro Rivoli de Porto, dentro da programación do Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica (FITEI). Xullo na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: Do 12 ao 14 de xaneiro ás 20:30h | 15 de xaneiro ás 18.00 h

Peza teatral escrita por William Shakespeare no inicio do século XVII e publicada por primeira vez no célebre Folio de 1623, a primeira compilación das obras dramáticas do poeta nacido en Stratford-upon-Avon. Foi clasificada entre os romances tardíos (ou traxicomédias) xunto a Pericles, Príncipe de Tiro, A tempestade e Címbelín. O conto de inverno divide a acción entre Sicilia e Bohemia, sen esquecer os encontros e reencontros fantásticos, maxia e sorpresa, nunha gama de situacións que vai da traxედia á comedia pastoral. A peza contén unha inspirada teatralización dunha obra en prosa, un vello conto, Pandosto, contado e publicado a finais do século XVI por Robert Greene, contemporáneo e rival de Shakespeare. Este texto, bastante popular na época, leva como subtítulo O triunfo do tempo, suxerindo xa un dos principais temas d'O conto do inverno, isto é, o do tempo como pai da verdade.

O noso conto por Marcos Barbosa

O conto de inverno exhibe algúns dos versos máis complexos de toda a obra de Shakespeare, incluíndo as grandes traxedias. Pertence á derradeira serie dos romances, pezas inspiradas no folclore intemporal dos contos moralizantes, que retroceden á Antigüidade, o que lles confire certo carácter de fábula e, simultaneamente, a autoridade do tempo. A peza non adoita apreciarse nin pola súa carga política nin polo seu cruel realismo, senón polo seu carácter de conto admonitorio, algo fantástico, sobre os males dos celos e sobre a enerxía renovadora que a Natureza lles concede a todas as reconciliacións.

A carga política adquire unha meirande intensidade se, coma Arthur Schnitzler, cremos que “as épocas nas que a verdade pode tornarse perigosa, non só para aqueles que a din senón tamén para aqueles que a escoitan, son profundamente doentes”. A esta luz, a fábula deixa de ser un desatino sentimental que entreteña a corte, como foi encomendada, e pasa a ser un ensaio arriscado sobre a tiranía na súa propia casa. Así a viu o ensaísta

Jonathan Bate, que atopou nela un interrogante que só pode sernos próximo: “Ata onde poderá chegar un conselleiro —ou un dramaturgo, cuxas obras son montadas na corte—, dicindo as verdades que os seus superiores non queren ouvir?”.



William Shakespeare

O AUTOR

Naceu en Stratford-upon-Avon en 1564, onde morreu en 1616. Coñecido coma o “Bardo de Avon”, é considerado o escritor máis destacado da lingua inglesa e un dos máis célebres da literatura universal. As súas pezas dramáticas son traducidas a multitude de idiomas e represéntanse en todo o mundo.

En 1585 estableceuse como actor en Londres e uniuse ao grupo teatral The Lord Chamberlain's Men, renomeado máis tarde como The King's Men, co que actuaría en The Globe Theater. A publicación, en 1593, do seu poema *Venus e Adonis* foi un dos seus primeiros éxitos. Da súa produción poética posterior destacan *A violación de Lucrecia* (1594) e os Sonetos (1609), de temática amorosa, que o situarían entre os grandes da poesía anglosaxoa.

Con todo, foi a súa actividade como dramaturgo a que lle deu sona na época. A súa obra (en total 14 comedias, 10 traxedias e 10 dramas históricos) é un exquisito compendio dos sentimentos, a dor e as ambicións da alma humana. Comeza escribindo dramas baseados na historia de Inglaterra, como Ricardo III e Henrique IV. Nunha segunda etapa, adopta un ton máis cómico e alegre, é o caso de *As alegres casadas de Windsor*, *A fera domada* ou *Soño dunha noite de verán*. E é nunha terceira etapa, cando publica as grandes traxedias e as chamadas “comedias escuras”: *Romeo e Xulieta*, *Hamlet*, *Otelo*, *Macbeth*, *Xulio César*, *O rei Lear* ou *Antonio e Cleopatra*.

Nas súas últimas obras, a partir de 1608, cambia de rexistro e introdúcese no xénero da traxicomedia, a miúdo cun final feliz no que se entrevé a posibilidade da reconciliación, como sucede en *Pericles* ou en *A tempestade*. Shakespeare publicou en vida só 16 das obras que se lle atribúen. Posiblemente, boa parte da súa obra teríase perdido de non ser pola publicación, poucos anos despois da súa morte, do Folio, volume compilador que serviría de base para todas as edicións posteriores.



Marcos Barbosa

O DIRECTOR

Director artístico do Teatro Oficina en Guimarães dende 2008. Do seu labor como director destaca a procura de formas escénicas alternativas que pescudan a resonancia dos textos teatrais no presente. Entre as súas postas en escena cóntanse: *Variacións sobre os patos*, de David Mamet; *Pervertimentos*, de José Sanchis Sinisterra; *Oxímoro*, de Marcos Barbosa; *Un home sen adxectivos*, de Mario Cantú Toscano; *Silenciador*, de Jacinto Lucas Pires; *Traxedia, unha traxedia*, de Will Eno; *Delimvois*, de Rubén Ruibal; *Pigmalión*, de Pedro Mexia; *No cover*, de Luis Mario Moncada; *A febre*, de Wallace Shawn; *Amor*, de André Sant'Anna; *Un acto de comunión*, de Lautaro Vilo; *Título e escritura*, de Will Eno; e *Círculo de transformación no espello*, de Annie Baker.

Tamén levou á escena as óperas *Così fan tutte* e *Don Giovanni*, de Mozart; *A ópera dos tres reais*, de Kurt Weill; *Amor de perdición*, de João Arroio; e *Mumadona*, de Carlos Azevedo.

Entre os títulos de William Shakespeare que dirixiu, destacan *Macbeth* e *O rei Lear*.



COPRODUCCIÓN

VIDA E MORTE DE DANIEL FARIA

TEXTO/CREACIÓN: Pablo Fidalgo**ELENCO:** Pablo Fidalgo e Bruno Senune**ESCENOGRAFÍA:** Ana Borralho e João Galante**ASESORÍA ARTÍSTICA:** Gabino Rodríguez**APOIO Á PRODUCCIÓN E CREACIÓN:** Amalia Area**COPRODUCCIÓN:** Teatro Municipal do Porto (Rivoli/Campo Alegre) e Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa**ENSAIOS:** Do 13 ao 19 de xuño, residencia artística no Teatro Campo Alegre de Porto. Do 31 de outubro ao 6 de novembro, residencia artística no Espaço do Tempo de Montemor-o-Novo. Do 15 ao 18 de xaneiro, ensaios no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa**ESTREA:** 19 de xaneiro no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa**FUNCÍONS:** Do 19 ao 22 de xaneiro no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa. O 7 e 8 de xullo no Teatro Rivoli de Porto**FUNCÍONS NO SALÓN TEATRO:** Do 25 ao 28 de xaneiro ás 20.30 h | 29 de xaneiro ás 18.00 h

Esta peza, esta investigación, esta viaxe nace dun desexo de reconstruír e comprender a vida dun poeta: Daniel Faria, todo un referente moral e un exemplo de vida. Un consolo e unha voz, o derradeiro gran poeta nado en Europa. Pablo Fidalgo leva traballando dende 2013 na biografía como forma teatral. Daniel Faria será o final deste ciclo.

A palabra transformadora por Pablo Fidalgo

Nun inicio pensamos sobre quen podería ser Daniel Faria hoxe, 17 anos despois da súa morte; quen podería asumir esa presenza impecable, esa voz, ese "rosto que há-de vir", esa promesa de verdade. Pero elixir alguén para interpretar a Faria sería un erro, obrigaríanos a facer a historia, cando o que desexabamos era que a vida e mais a paisaxe de Faria habitasen a nosa vida, nos interpelasesen, nos cuestionasen. Desexabamos que esa experiencia do mundo e do sagrado nos tocasse. Pero, como falar do que non se pode nomear? Como traer cara a nós a experiencia para a que non existen palabras nin descricións? Só tiñamos a explicación das árbores e os paxaros, das casas, da luz...

Comezamos a entender que as explicacións de Faria eran as relacións que tiña co mundo, co tempo, co sagrado. Deixamos de buscar a palabra exacta e comezamos a procurar a palabra pura, a palabra inicial. Esa palabra que lle dá sentido ao sagrado, a un tempo fóra do tempo, e que recoñecemos no ritual, na repetición e na poesía. A pureza e a nudez da primeira palabra, unha palabra previa á verdade, ao sentido ou ao erro. Unha palabra profé-

tica, unha palabra que comeza. Unha palabra que se nos impón coma unha luz, coma unha lucidez; que abre un camiño cara ao descoñecido, cara a un tempo excepcional; que vincula o home coa súa orixe, co mundo non racional, común ao salvaxe, á natureza.

Por tanto, decidimos que Faria non fose unha biografía, senón esa pescuda e esa transformación: unha viaxe, unha investigación para compartir, un documental escénico apoiado por imaxes dos lugares que habitou e amou, e poboado, por suposto, polas súas palabras. Deste modo, as aves, a casa, o pan, os traballos do campo, a luz, a noite e o día habitarán a escena. Todo o esencial (os ritmos da vida, o traballo, o sagrado) estará en escena dialogando con Daniel Faria, baixo esa luz que el buscou de forma incansable. Traballando con música, con repeticións, coa luz e o espazo, trataremos de crear ese tempo que el tanto buscou: o tempo excepcional, o tempo que nos limpa do mundo e nos leva cara a unha fe de hoxe, unha fe nun silencio profundo e nunha palabra transformadora.



Daniel Faria

O AUTOR

Daniel Faria é unha das voces máis sorprendentes da poesía portuguesa actual. Para uns, poeta maior da lingua portuguesa; para outros, o maior poeta místico portugués do século XX.

Naceu en Baltar, unha pequena vila portuguesa, en 1971. Estudou Teoloxía na Universidade Católica e licenciouse máis tarde en Estudos Portugueses na Facultade de Letras da Universidade do Porto. Despois dos estudos, optou pola vida monástica e ingresou no mosteiro beneditino de São Bento de Singeverga, onde iniciou o seu noviciado. Publicou en vida os libros: *Unha cidade con muralla* (1991), *Oxálida* (1992), *A casa dos seitureiros* (1993), *Explicación das árbores e doutros animais* (1998) e *Homes que son coma lugares mal situados* (1998). Postumamente, publicáronse *Lenda para unha casa habitada* e *Dos líquidos*, ambos os dous no ano 2000. O poeta morreu despois dun accidente doméstico en 1999, pouco antes de terminar o seu noviciado, no mosteiro de Singeverga.



Pablo Fidalgo

O CREADOR

Escritor, creador teatral e comisario independente, nace en Vigo en 1984. Escribe os libros de poemas *A educación física* (Pre-textos, 2010) e *Os meus pais: Romeo e Xulieta* (Pre-textos, 2013), publicado tamén en portugués por Averno Editora. Gañou o Premio Injuve de poesía con *A retirada* (2012). Presentou o seu traballo en países e festivais de todo o mundo.

Creou as pezas teatrais *O estado salvaxe. Espanha 1939* (2013) e *Has ir á guerra que comeza hoxe* (2015). Participou no proxecto PANOS de Culturgest (Lisboa, 2015) coa peza *Só hai unha vida e nela quero ter tempo para construírme e destruírme*, posta en escena polos artistas portugueses Ana Boralho e João Galante, con quen colabora de xeito habitual.

Foi comisario e coordinador de diversos ciclos de artes performativas para o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) e Alhóndiga Bilbao, ademais de ser o director artístico de Escenas do Cambio. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción (Cidade da Cultura, Santiago de Compostela). Dende 2004 ata 2013 forma parte da compañía La Tristura.



COPRODUCCIÓN

OS MORTOS

DAQUEL VERÁN

TEXTO: Carlos Casares

ADAPTACIÓN: Diego Rey e Artur Trillo

DIRECCIÓN: Artur Trillo

ELENCO: Toño Casais, María Ordóñez, Rubén Prieto,
Diego Rey, Artur Trillo e Dani Trillo

ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN: Dani Trillo

VESTIARIO: Martina Cambeiro

MÚSICA: Fernando Fraga

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Áurea Ferreiro

COPRODUTORES: Talía Teatro e Fundación Carlos
Casares

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: 16 de maio ás 11.00 h e
ás 20.30 h | 17 de maio ás 20.30 h | 18 de maio ás 11.00 h
e ás 20.30 h

A aparición do cadáver do boticario Ernesto Vilariño Dacal, morto supostamente en accidente ao comezo da Guerra Civil, pon en marcha unha investigación xudicial na que unha rica galería de personaxes irá achegando o seu testemuño para intentar esclarecer o caso.

O pulo por acadar a verdade, a crítica do dogmatismo e das diversas formas de violencia opresora son as forzas que inspiran esta proposta escrita cunha linguaxe innovadora e unha extraordinaria solvencia narrativa.

Unha novela que é puro teatro por Artur Trillo

Non sendo Carlos Casares un autor dramático, considero que o teatro pode darlle un enfoque distinto, e ao mesmo tempo enriquecedor, á obra deste gran novelista.

Unha das principais razóns que nos levaron a escoller *Os mortos daquel verán* entre as obras de Casares foi, de feito, o seu potencial escénico, que se deixa entrever na propia estrutura da novela, magnífica representante do xénero policíaco.

Paradoxalmente, aínda que na súa orixe se trata dunha novela, escrita ademais en estilo indirecto e facendo uso dunha linguaxe marcadamente xudicial, os diálogos por medio dos que os personaxes afondan nos acontecementos teñen unha natureza indiscutiblemente teatral.



Carlos Casares

O AUTOR

Figura clave da cultura galega contemporánea, Carlos Casares naceu en Ourense en 1941, pero aos catro anos marchou para Xinzo de Limia, territorio que deixou nel unha fonda pegada. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Foi xornalista, catedrático de Literatura Española, director da Editorial Galaxia e da revista Grial, presidente do Consello da Cultura Galega e presidente de honor de ACNUR Galicia.

Cultivou a narrativa, o ensaio, o teatro e os artigos xornalísticos, e obtivo varios premios, entre eles o Premio da Crítica Española en 1975 e o Premio da Crítica Galega en 1982.

Como escritor, deuse a coñecer no ano 1967 cun libro de relatos, *Vento ferido*, moitas veces reeditado. Dende entón, publicou numerosas obras, especialmente novelas e contos, pero tamén pezas de ensaio e investigación. Da súa ampla produción bibliográfica destacan as novelas *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), *Os escuros* *soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996), *Un país de palabras* (1999) e *O sol do verán* (2002).

Para os lectores máis novos, ademais de traducir *Le petit prince* ao galego co título de *O principiño*, escribiu *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), *Lola anda en bicicleta* (1997), *Un polbo xigante* (2000) e a serie que ten ao neno Toribio como protagonista, entre outras obras.

Unha parte da súa actividade xornalística, a que exerceu a diario en *La Voz de Galicia*, foi recollida no volume *Na marxe de cada día*.

Carlos Casares finou en Vigo en 2002. A súa última creación literaria, *O sol do verán*, publicouse como obra póstuma.



Artur Trillo

O DIRECTOR

Actor, autor e director teatral. Dirixe a compañía Talía Teatro dende os seus inicios, no ano 1988, cando empezou como grupo de teatro afeccionado. Anos máis tarde levou a compañía ao sector profesional e conseguiu convertela nunha das referencias do teatro galego.

Como actor participa en numerosas postas en escena da súa compañía, destacando *Bicos con lingua* e *E ti quen ves sendo*, polo que acadou senllos Premios María Casares á Mellor Interpretación. Tamén colabora con outras formacións como Teatro do Atlántico (*O encoro*), Lagarta Lagarta (*As últimas lúas*) ou no Centro Dramático Galego (*Xelmírez*, *Calígula* e *Ricardo III*).

Da súa faceta de autor podemos destacar títulos como *Menos Lobos*, *Eu así non xogo*, *Quero ser grande*, *Sopa de Sapo* e *Pelos na lingua*, un texto de autoría compartida que tamén se poderá ver esta temporada no Salón Teatro. *Pelos na lingua* recibiu o Premio Max ao Mellor Texto Teatral en Lingua Galega e o Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal.



COPRODUCCIÓN

ELISA E MARCELA

TEXTO: Gena Baamonde, Esther F. Carrodeguas e A Panadaría

DIRECCIÓN: Gena Baamonde

ELENCO: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

VESTIARIO E CARACTERIZACIÓN: Fanny Bello

ILUMINACIÓN: Montserrat Piñeiro e Laura Iturralde

MÚSICA: Ailén Kendelman

COPRODUTORES: A Panadaría

RESIDENCIA: Do 4 ao 24 de setembro (2017)

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: Do 26 ao 28 de outubro (2017) ás 20.30 h | 29 de outubro (2017) ás 18.00 h

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar o cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o Estado, mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da Historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

Xa casadas

Foi na Escola Normal de mestras da Coruña onde Marcela Gracia Ybeas e Elisa Sánchez Loriga se coñeceron, a mediados de 1880. Durante esa época foron establecendo unha amizade que deseguida se converteu en amor. Comezan a traballar en distintas escolas dos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbría tentando sempre estar o máis preto posible e poder así vivir xuntas. No ano 1901 Elisa marcha á Coruña para converterse en Mario, corta o pelo, viste roupa de home, fuma e deixa medrar o bigote. En pouco tempo consegue enganar ao párroco Víctor Cortiella para que a bautice como Mario e, deseguido, arranxa todo para a voda, que se celebrará o 8 de xuño.

Xa casadas, deciden volver a Dumbría, pero o engano é descuberto na vila e comezan a ser acosadas e perseguidas polo pobo e as autoridades. Deben fuxir a Porto onde retoman a súa convivencia pero as autoridades españolas dan con elas de seguido. Son detidas e encarceradas no *Aljube* de Porto. Avivados pola grande expectación, todos os xornais galegos e portugueses difunden novas do “matrimonio sen home” e publican notas humorísticas e sarcásticas. Mais son tamén incontables as mostras de apoio e solidariedade durante o tempo que pasan na cadea.

En xaneiro de 1902 apróbase a extradición e Elisa e Marcela volven fuxir, desta vez, cara a Bos Aires. A partir de aí, son moitas as incógnitas que rodean a vida de Elisa e Marcela; parece ser que existe algunha proba de que Elisa se suicida en Veracruz, México, en 1909. A acta de matrimonio de Elisa e Marcela é, aínda hoxe, válida pois nin a Igrexa nin o Rexistro Civil anulou este documento de voda.

EM LIBERDADE

“Eil-o, enfim, em liberdade
o casal das espanholas,
que se adoram, em verdade
como un par de meigas rôlas!

A Elisa joga ao bilhar,
pois tem d’homem a estrutura;
a Marcela vai bordar,
no que é aximia creatura.

Despois do vaivem cruel,
d’Herodes para Caiphaz,
gosam a lua de mel
na mais doce e santa paz.

Não foram para a fronteira,
o que seria um ultrage:
no café de Zé Nogueira
vivem em doce menage.

E’ pena que as señoritas
passem pela contingencia
de morrerem, coitaditas,
sem deixarem descendencia...”

Jom-jom. A Província, 31 de agosto de 1901.



A Panadaría

A COMPAÑÍA

O nome desta compañía fai referencia a un oficio artesán que proporciona alimento con elementos básicos. O teatro de A Panadaría ispe o escenario para poñer no centro ás súas actrices creadoras.

Foi fundada en Vigo en 2013 por Areta Bolado (O Porriño, 1985), Noelia Castro (Bellinzona, 1988) e Ailén Kendelman (Bos Aires, 1989). O seu primeiro espectáculo, *PAN!PAN!*, recibe o Premio da Crítica de Galicia 2015 e o Premio María Casares 2015 á Mellor Actriz Secundaria (Areta Bolado). *Panamericana* —o seu segundo espectáculo nomeado a tres Premios María Casares 2016— confirma unha liña de traballo baseada na interpretación, o humor e a música.



Esther Carrodegua

A DRAMATURGA

Artista polifacética que como escritora gusta de pasear entre os xéneros, propoñendo un uso sempre lúdico e altamente poético do verbo. Ten publicados diversos textos, entre eles o xogo literario *Collage* (Barbantesa, 2011), *Subir o telón* (Premio Modesto Figueiredo, 2008), *Fantasía nº 1 en mi menor*, *República* (ambas na revista *Núa* das Artes Escénicas) ou *Voaxa* e *Carmín* (10º Premio Abrente de Textos Teatrais).

Fundadora da compañía universitaria Teatro da Falúa, está vinculada dende 2010 ao histórico e popular Grupo de Teatro Airiños de Asados (Rianxo). Na actualidade xestiona a plataforma creativa ButacaZero, xunto a Xavier Castiñeira e Ozcar Galán.



Gena Baamonde

A DIRECTORA

Titulada en Dirección de Escena, posgrao e mestrado en Arte Dramática. Actualmente investigadora pre-doutoral contratada pola Universidade de Vigo. Desenvolve a súa tese *Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica* na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Forma parte, durante anos, da compañía Matarile Teatro, do equipo do Teatro Galán e da organización do festival En Pé de Pedra.

Artista residente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego co proxecto *Corpo-puta-vaca-berro*, realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque danza, A Artística e Voadora.

Crea a compañía María a Parva na que dirixe e escribe o texto orixinal dos espectáculos *Mullerona*, *Xogo para nenas* e *Indignos* (Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista). Con A Artística, colabora na creación e dirección de *Desmemoria-2* ou *Verde a tempo completo* e crea e dirixe o espectáculo *Arquitectura da emoción*, centrado na investigación da emoción e os seus patróns físicos.



FAGAMOS PIÑA

DRAMA TURXENTE

Dramaturxente é un programa de apoio, fomento e promoción da dramaturxia galega contemporánea. Naceu non só co propósito de levar á escena textos de autores e autoras galegas, senón tamén co de desenvolver actividades de moi diversa índole que aumenten a visibilidade dos dramaturgos e dramaturgas galegas, dentro e fóra das nosas fronteiras.

Así, este programa tivo nas Xornadas sobre Dramaturxia Galega —celebradas do 8 ao 10 de decembro no Salón Teatro de Santiago de Compostela— o seu punto de partida idóneo. Un dos principais obxectivos deste encontro con algúns dos máis representativos dramaturgos, creadores, estudosos, críticos e editores en lingua galega era definir novas iniciativas susceptibles de seren desenvolvidas por parte do Centro Dramático Galego en prol da Dramaturxia Galega Contemporánea.

Este eixe de apoio ás nosas autoras e autores tamén ten visibilidade na nosa actividade de coprodución. Deste modo, *Vida e morte de Daniel Faria* (Pablo Fidalgo), *Os mortos de aquel verán* (Carlos Casares) e *Elisa e Marcela* (Esther Carrodegua) parten de textos desenvolvidos por autores galegos actuais. O mesmo acontece cos nosos residentes Borja Fernández con *Salvador*, Ernesto Is con *Política de terra queimada*, Santiago Cortegoso con *Desconexión* e Gonçalo Guerreiro e María Torres con *Tropical*.

De igual xeito, dentro da nosa actividade de exhibición no Salón Teatro, veremos propostas escénicas a partir de *Illa/Ollo*, de Manuel Lourenzo; *Cousas que trouxo a chuva*, de Roberto Salgueiro; *Xurdefet*, cunha dramaturxia de Paula Carballeira; *O poder de Amabel*, de Victoria Pérez e Érica Esmorís; *A danza da choiva*, de Gonçalo Guerreiro e María Torres; *Bicos con lingua* e *Pelos na lingua*, a cargo dun grupo de autores galegos encabezados por Avelino González; *Resaca*, cun texto de Ana Carreira; *30 e tantos ósos*, de Teté García, Diana Mera e Merche Pérez; *Unha rosa entre as pernas*, de Afonso Becerra de Becerreá; e *Symon Pédicrí*, de Jorge Acebo, Diego Anido e Pablo Rosal.

Porque as nosas autoras e autores son os portadores da(s) nosa(s) historia(s); porque é urxente apoialos e reivindicarlos para entendérmonos mellor e para comprender o signo dos tempos que, dende este lugar no mundo que é Galicia, nos toca vivir. Fagamos piña.



XORNADAS SOBRE DRAMATURXIA GALEGA

Organizadas polo Centro Dramático Galego (CDG) e a Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA, estas xornadas tiveron como obxectivos fundamentais analizar a situación do sector e darlle unha maior visibilidade social.

Máis de trinta relatores entre dramaturgos, creadores, estudosos, críticos e editores interviron nos seis coloquios desenvolvidos, nos que se abordaron aspectos como a edición, a crítica, o texto fronte á performance, o teatro infantil, o papel da muller ou as novas tecnoloxías.

8

XOVES

18.00 h

Presentación: **Fefa Noia**, directora do Centro Dramático Galego (CDG); e **Zé Paredes**, dramaturgo e director de escena, Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA

18.30 h

Relatorio inaugural: Exposición histórica da dramaturxia galega, eivas e conquistas. **Manuel Lourenzo**, dramaturgo e director de escena

20.00 h

Encontro inaugural dos asistentes

9

VENRES

10.00 – 12.00 h

Mesa 1 - EDITAR TEATRO, POR QUE E PARA QUE

Modera: **Afonso Becerra de Becerreá**, dramaturgo, director de escena e profesor da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia

Relatores: **Juan Luis Blanco Valdés**, director do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela (USC); **Manuel Bragado**, director xeral de Edicións Xerais de Galicia; **Paco Macías**, director de Edicións Positivas; **Afonso Ribas**, coordinador de Edicións Laiovento; e **Manuel Vieites**, coordinador da Biblioteca de Teatro de Editorial Galaxia

12.30 – 14.30 h

Mesa 2 - DRAMATURXIA E CRÍTICA LITERARIA

Modera: **Zé Paredes**, dramaturgo e director de escena

Relatores: **Camilo Franco**, crítico teatral; **Inma López Silva**, escritora, crítica teatral e profesora da ESAD; **Roi Vidal**, dramaturgo, director de escena, crítico e pedagogo teatral; e **Manuel Xestoso**, crítico teatral

16.30 - 18.30 h

Mesa 3 – TEXTO / PERFORMANCE: DRAMATURXIAS ESCRITAS / NON ESCRITAS

Modera: **Julio Fernández**, dramaturgo e director de escena

Relatores: **Afonso Becerra de Becerreá**, dramaturgo, director de escena e profesor da ESAD; **Cristina Domínguez**, directora de escena e profesora da ESAD; **Cándido Pazó**, dramaturgo, director de escena e actor (Contraproducións); **Marta Pazos**, directora de escena e actriz (Voadora); e **Ana Vallés**, dramaturga, directora de escena e actriz (Matarile)

10

SÁBADO**10.00 – 12.00 h****Mesa 4 – TEATRO PARA NENAS E NENOS**Modera: **Fran Godón**, *dramaturgo, director de escena e actor*Relatores: **Paula Carballeira**, *dramaturga, directora de escena e actriz (Berrobambán)*; **Rosalía Fernández Rial**, *escritora e doutora en Didáctica das Linguas e da Expresión Dramática*; **Carlos Labraña**, *dramaturgo*; e **Inacio Vilariño**, *dramaturgo, director de escena e titiriteiro (Fantoques Baj)***12.30 - 14.30 h****Mesa 5 – MULLERES NA DRAMATURXIA**Modera: **Clara Gayo**, *dramaturga e actriz*Relatores: **María Armesto**, *dramaturga e directora de escena*; **Marta Pérez**, *creadora, directora de escena e actriz (Inversa Teatro)*; **Mª Xosé Queizán**, *escritora*; e **Vanesa Sotelo**, *dramaturga, directora de escena e actriz***16.30 - 18.30 h****Mesa 6 – URDIMES MÁIS ALÁ DO DRAMA**Modera: **Antón Lopo**, *escritor e editor*Relatores: **Antón Coucheiro**, *actor, director de escena e paíaso*; **Javier Martín**, *investigador das artes do movemento*; **AveLina Pérez**, *dramaturga, directora de escena e actriz*; **Xesús Ron**, *director de escena e actor (Chévere)*; e **Carlos Santiago**, *dramaturgo e director de escena***18.30 h**

Conclusións das xornadas

20.00 h

Encontro final dos asistentes

RESIDENCIAS

Os espazos e o persoal do Salón Teatro están dispoñibles para a realización destas residencias de duración variable, dependendo das necesidades das compañías solicitantes. A cesión estará suxeita á dispoñibilidade dos mesmos nas datas do pedimento.

Ao igual que coas coproducións, esta temporada temos a sorte de ter en residencia a artistas galegos dunha calidade xa indiscutible, pertencentes ás novas xeracións escénicas. Unha vez máis, tamén podemos dicir que tres destes catro proxectos teñen no seu núcleo novas dramaturxias galegas.



DRAMA
TURXENTE

SALVADOR

TEXTO E DIRECCIÓN: Borja Fernández

ASESORÍA DRAMATÚRXICA: Manuel Cortés

ASESORÍA EN TRATAMENTO DOCUMENTAL: A
Berberecheira

ELENCO: Borja Fernández e Laura Iturralde (vídeo
hockey en escena)

ESCENOGRAFÍA, UTILERÍA E AUDIOVISUAIS: Borja
Fernández e Laura Iturralde

VESTIARIO: Uxía Vaello

ILUMINACIÓN: Laura Iturralde

ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Uxía Vaello

RESIDENCIAS: Centro Dramático Galego (CDG) e Chévere

AGRADECIMENTOS: Diego Anido, Claudio Días, Luna
Lunera, Iván Marcos e Sergio Zearreta

DATAS: En residencia, do 11 ao 15 de decembro. En
exhibición, do 19 ao 21 de maio

Trátase dun proxecto a medio camiño entre o teatro-documento e a ficción teatral, sobre os movementos migratorios, as desaparicións, os encontros e os avós.

"Eu non coñecín o meu avó. Morreu no 2004. Emigrou a Brasil en 1959 nun buque chamado Laennec. E desapareceu. En cada foto semella unha persoa diferente. Reinvéntase a si mesmo en varias ocasións. Mente, oculta información. Estivo relacionado cós mormóns, foi masón, contrabandista, xogaba ás apostas nas tabernas... pero tamén foi unha vítima do seu tempo, a España franquista. Moitos emigrantes transfórmanse. Meu avó transformouse como se soubese que alguén no futuro estaría na súa procura e a súa maneira de agocharse fora mudar a súa identidade e o seu pasado, xogando ao descoído".

DRAMA
TURXENTE

POLÍTICA DE TERRA QUEIMADA

CREACIÓN COLECTIVA: Germán Gundín, Merche Pérez, Antón Piñeiro, Diego Rodríguez e Amanda Seijas

DIRECCIÓN: Diego Rodríguez

DRAMATURXIA: Ernesto Is

ELENCO: Pablo Calvo (voz en off), Germán Gundín e Merche Pérez, coa intervención de Antón Piñeiro, Diego Rodríguez e Amanda Seijas

ESCENOGRAFÍA, VESTIARIO E ILUMINACIÓN: Amanda Seijas

MÚSICA EN DIRECTO: Antón Piñeiro e Germán Gundín

SON: Antón Piñeiro

MÁSCARAS: Germán Gundín

COPRODUTORES: Santa Nómima e ESAD de Galicia

DATAS: En residencia, do 16 ao 19 de xaneiro. En exhibición, 20 e 21 de xaneiro ás 20.30 h | 22 de xaneiro ás 18.00 h

Partindo dunha motivación en común en relación aos conceptos de ecoloxía medioambiental e social, nace Política de terra queimada, unha creación escénica colectiva dentro do paradigma contemporáneo, seguindo unha dramaturxia asociativa que híbrida e mestura distintas linguaxes e modalidades escénicas como o teatro ritual, a performance, a máscara, a danza, a música en directo ou o teatro de obxectos, entre outras.

A idea de destruílo, de consumilo todo, antes de pensar sequera en compartilo, lígase con toda unha mestura de subtemas: a contaminación, a extinción, a escaseza, a loita polo poder que avanza (ao igual que no noso sistema solar), o universo, as flores, os ósos, as cunchas ou a propia vida, seguindo a lóxica do vórtice, unha espiral que se espalla e avanza sen posibilidade de volver atrás.

Con esta residencia o Centro Dramático Galego e a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia abren unha nova liña de colaboración que fomenta o intercambio entre ambas institucións e apoia a incorporación dos artistas máis novos ao noso panorama escénico profesional.



DESCONE^xIÓN

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Santiago Cortegoso

ELENCO: Xurxo Cortázar e Marián Bañobre (voz en off)

ILUMINACIÓN E SON: Dani Abalo

COPRODUTORES: Xurxo Cortázar e Crémilo

DATAS: En residencia, do 3 ao 9 de febreiro. En exhibición,
10 e 11 de febreiro ás 20.30 h | 12 de febreiro ás 18.00 h

O individuo 724/2013 FK3 cumpre a súa condena conectado a un semáforo regulando o tránsito de peóns. Ten dobre personalidade: cando viste traxe verde é amable e deixa pasar; cando viste traxe vermello é malencarado e manda parar. Xornada tras xornada desenvolve a súa rutineira misión, sen poder esquecer o seu obxectivo soñado: fuxir cara á liberdade e converterse nun ser humano. Ata que escoita unha voz sensual que o fai saír da súa gaiola e emprender unha viaxe cara ao descoñecido. Por fin atopou unha vía para desconectar. No seu periplo vaise atopar en situacións novas para el, que terá que resolver coa dignidade que lle permita o feito de ser un monifate sen personalidade definida.


**DRAMA
TURXENTE**


TROPICAL

TEXTO E DIRECCIÓN: Gonçalo Guerreiro e María Torres

ELENCO: Marta Alonso, Ánxela Blanco, Fredi Muíño,
Gonçalo Guerreiro e María Torres

ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: Gonçalo Guerreiro e María
Torres

ILUMINACIÓN: Dani Pais

COREOGRAFÍAS: Ánxela Blanco

PREPARACIÓN VOCAL: Ramón Bermejo

ASESORAMENTO ANTROPOLÓXICO: Carlos Díz

CARPINTERÍA E TREMOIA: Javier Pérez Piñón

COPRODUTORES: Elefante Elegante

DATAS: En residencia, do 8 ao 11 de maio

En exhibición, 10 e 11 de maio ás 11.00 h | 12 e 13 de
maio ás 20.30 h | 14 de maio ás 18.00 h

Turistas, emigrantes, polisóns, do norte ao sur nun cruceiro, do sur ao norte nunha chalana. Coa mochila valeira ou sen moverse do sofá. Dende a ironía e o absurdo, Tropical reflicte situacións que se están a producir non moi lonxe do noso recuncho de calma e tranquilidade. Para cuestionármonos esta Europa que naufraga no Mediterráneo. Esta sociedade líquida que, acomodada dentro da súa burbulla, bebe o vermú da indiferenza.

Un espectáculo sensitivo, universal e evocador que mergulla no universo da viaxe e na súa vasta riqueza de matices e dimensións. Cunha linguaxe asentada nas imaxes, no movemento, na música e na danza, Tropical é unha manda de elefantes na procura da poética da viaxe.

Unha mañá partimos, a mente inflamada,
O corazón desbordante de rancor e de amargos desexos,
E marchamos, seguindo o ritmo da onda
Arrolando o noso infinito sobre o confín dos mares.

A viaxe, Charles Baudelaire



DRAMA
TURXENTE

ELISA E MARCELA

TEXTO: Gena Baamonde, Esther F. Carrodegua
e A Panadaría

DIRECCIÓN: Gena Baamonde

COPRODUTORES: A Panadaría

Ver páx. 25

FORMACIÓN

Nesta temporada retomamos a actividade de formación que o CDG desempeñou dende os seus inicios. Non estaremos só nesta viaxe. Para emprendela, contamos coa compañía de diferentes organismos.

A nosa actividade de formación estará coordinada coa comisión de formación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, de xeito que aqueles talleres que organicemos respondan ás necesidades da profesión galega.

Tamén participará nesta colaboración o Concello de Santiago, xunto ao que daremos comezo aos Encontros no Ambigú, que propiciarán o diálogo entre os profesionais do sector de dentro e fóra de Galicia que nos visitan, e os profesionais galegos.

Seguiremos dando continuidade á nosa cooperación con DramaturGA, asociación de dramaturgas/os galegas/os no referente ao ámbito formativo das/os nosas/os autoras/es, depositarias/os das nosas historias.

Ademais, teremos ocasión de colaborar con distintas agrupacións. Ese foi o caso de Pistacatro, cos que organizamos, dentro do marco do seu décimo aniversario, o Laboratorio de Dirección de Circo impartido por Theor Román, especialista en novas dramaturxias circenses.

Finalmente, parte das nosas actividades de formación estarán orientadas ao noso público. Para os máis pequenos teremos os talleres da luz, de monicreques e do son, que terán lugar no teatro dúas horas antes das funcións de Nadal de Gran teatro para os máis pequenos. Á súa vez, ao igual que na temporada anterior, daremos continuidade aos encontros co público dos equipos artísticos das diferentes postas en escena. Por medio destes diálogos queremos solventar calquera dúbida ou consulta sobre as propostas escénicas, así como fomentar o intercambio de opinións entre artistas e espectadores/as.

PUBLICACIÓNS

O PAPEL
DO TEATRO

Con esta serie de publicacións quérese dar continuidade á edición de textos teatrais en galego que se viña facendo por parte do Centro Dramático Galego dende os seus comezos. Nesta ocasión, non se tratará de editar de xeito sistémico todos aqueles textos levados á escena polo CDG, senón os que non estiveran previamente editados en soporte papel.

Esta colección, que se abre con *Tartufo*, recollerá ademais información seleccionada sobre a posta en escena das obras. Así e todo, en sintonía cos tempos que nos toca vivir, a presente colección caracterizarase pola súa austeridade e economía de medios, apelando á esencia do feito editorial respecto á publicación de textos teatrais, e tendo sempre en mente os lectores potenciais. Agardamos que a nosa colaboración con Edicións Positivas sexa longa e frutífera.

TARTUFO

AUTOR: Jean-Baptiste Poquelin, Molière
TRADUCIÓN: Loli Ramos e Vanesa Sotelo
ADAPTACIÓN: Eva Alarte e Carles Alfaro
COEDICIÓ: Edicións Positivas e Xunta de Galicia

PROXECTO NÓS

AUTORES: José María Vieira Mendes e Fernando Epelde
TÍTULOS: *Bilingue* (2015) e *O mundo persistente* (2016)
DIRECCIÓN: Pedro Zegre Penim e Tito Asorey
COLABORADORES: Teatro Nacional São João de Porto, Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa, Escola de Arte Dramático de Vigo (ESAD), Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo de Porto (ESMAE) e a Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa (ESTC)

EXHIBICIÓ

SETEMBRO

Ensaio

Do xoves 1 ao xoves 22

Produción propia CDG *Tartufo*

Estrea

Venres 23

Produción propia CDG *Tartufo*

Funcións

Do sábado 24 ao venres 30

Produción propia CDG *Tartufo*

OUTUBRO

Funcións

Do sábado 1 ao domingo 16

Produción propia CDG *Tartufo*

Música

Do mércores 19 ao domingo 23

Womex

Teatro

Mércores 26

Ultrashow de Miguel Noguera

Música

Xoves 27

Centenario de Lorca en Galicia

Teatro amateur

Do sábado 29 ao luns 31

Festival Agustín Magán

Xira

Do luns 17 ao luns 31

Produción propia CDG *Tartufo*

NOVEMBRO

Cinema

Do venres 4 ao domingo 27

Cineuropa

Xira

Do martes 1 ao mércores 30

Produción propia CDG *Tartufo*

DECEMBRO

Danza

Do xoves 1 ao sábado 3

CCG *As catro estacións*

Dramaturxente

Do xoves 8 ao sábado 10

CDG e DramaturGA *Xornadas sobre Dramaturxia Galega*

Residencia

Do domingo 11 ao xoves 15

Borja Fernández *Salvador*

Teatro

Do venres 16 ao sábado 17

Nasdrovia *Illa/Ollo*

Teatro

Luns 19 e martes 20

Aula de Teatro da USC *Cousas que trouxo a chuvia*Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Xoves 22 e venres 23

Berrobambán *Xurdefet*

Música

Martes 27

Gelria *Cantos de poeta*Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Xoves 29 e venres 30

Pérez & Fernández *O poder de Amabel*

Xira

Do xoves 1 ao sábado 31

Produción propia CDG *Tartufo*

XANEIRO



Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Sábado 7 e domingo 8

Elefante Elegante **A danza da choiva**

Ensaio

Do luns 9 ao mércores 11

Teatro Oficina **O conto de inverno**

Teatro

Do xoves 12 ao domingo 15

Teatro Oficina **O conto de inverno**

Teatro

Luns 16

Talía Teatro **Bicos con lingua**

Teatro

Martes 17

Talía Teatro **Pelos na lingua**

Residencia

Do martes 17 ao xoves 19

Santa Nómia **Política de terra queimada**

Teatro

Do venres 20 ao domingo 22

Santa Nómia **Política de terra queimada**

Ensaio

Do luns 23 ao mércores 25

Materiais Diversos **Vida e morte de Daniel Faria**

Teatro

Do xoves 26 ao domingo 29

Materiais Diversos **Vida e morte de Daniel Faria**

FEBREIRO

Teatro

Mércores 1

ilMaquinario **Resaca**

Escenas do cambio

Residencia

Do venres 3 ao xoves 9

Xurxo Cortázar **Desconexión**

Teatro

Do venres 10 ao domingo 12

Xurxo Cortázar **Desconexión**

Teatro

Do luns 13 ao sábado 17

XXIII Festival Internacional de Teatro Universitario

Música

Domingo 19

Banda Municipal

Teatro

Do martes 21 ao domingo 26

Teatro do Atlántico **Helena. Xuízo a unha lurpia**

Ensaio - Nave da AGADIC

Do luns 6 ao martes 28

Produción propia CDG **Martes de Carnaval**

MARZO

Ensaio - Nave da AGADIC

Do mércores 1 ao domingo 5

Produción propia CDG. **Martes de carnaval**

Teatro

Do xoves 2 ao domingo 5

Aporía Teatro **Trinta e tantos ósos**

Ensaio

Do luns 6 ao xoves 30

Produción propia CDG. **Martes de carnaval**

Estrea

Venres 31

Produción propia CDG **Martes de carnaval**

ABRIL

Funcións

Do sábado 1 ao domingo 23

Produción propia CDG **Martes de carnaval**

Teatro

Do luns 24 ao domingo 30

Mostra de Teatro Universitario de Galicia

Teatro Ob-sceno

Do xoves 27 ao domingo 30

Teatro en Punto **Unha rosa entre as pernas**

MAIO

Teatro

Do luns 1 ao xoves 4

Mostra de Teatro Universitario de Galicia

Teatro

Do venres 5 ao domingo 7

Diego Anido **Symon Pédicrí**

Residencia

Do luns 8 ao xoves 11

Elefante Elegante **Tropical**

Teatro

Do mércores 10 ao domingo 14

Elefante Elegante **Tropical**

Teatro

Do martes 16 ao xoves 18

Talía Teatro **Os mortos daquel verán**

Teatro

Do venres 19 ao domingo 21

Borja Fernández **Salvador**

Teatro

Do mércores 24 ao domingo 28

Avento Producións Teatrais **Bu21**

Cinema

Do luns 29 ao sábado 3 de xuño

Mostra de Cinema Etonográfico

XUÑO

Teatro

Do luns 12 ao xoves 15

Galicia Escena PRO

Xira

Do xoves 1 ao venres 30

Produción propia CDG. **Martes de carnaval**

XULLO

Xira

Do sábado 1 ao xoves 6

Produción propia CDG **Martes de carnaval**

SETEMBRO

Residencia

Do luns 4 ao domingo 24

A Panadaría **Elisa e Marcela**

OUTUBRO

Teatro

Do xoves 26 ao domingo 29

A Panadaría **Elisa e Marcela**

Tartufo | Centro Dramático Galego

TEXTO: Jean-Baptiste Poquelin, Molière | **DIRECCIÓN:** Carles Alfaro | **ELENCO:** Casilda Alfaro, César Cambeiro, Antela Cid, Xoán Fórneas, Mónica García, Marta Lado, Roberto Leal, Rebeca Montero, Alejandro Saá e Patricia Torres |

ESCENOGRAFÍA: Baltasar Patiño | **VESTIARIO:** Diego Valeiras | **ILUMINACIÓN:** Carles Alfaro | **MÚSICA:** Anxo Graña |

CARACTERIZACIÓN: Trini F. Silva | **TRADUCCIÓN:** Loli Ramos | **ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO:** Roi V. Ponte | **ASIST. DE DIRECCIÓN:** Vanesa Sotelo

DATAS

27 e 28 de setembro e 4, 5 e 11 de outubro 10.30 h (función escolar) | 24, 29 e 30 de setembro e 1, 6, 7, 8, 13, 14 e 15 de outubro ás 20.30 h | 25 de setembro e 2, 9 e 16 de outubro ás 18.00 h

XIRA

OUTUBRO Venres 21 Teatro Municipal de Tui | Sábado 29 e domingo 30 Teatro Rosalía de Castro de A Coruña |

NOVEMBRO Venres 4 Teatro Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras | Venres 18 Auditorio Municipal de Rianxo | Venres 25 Auditorio Afundación de Pontevedra

DECEMBRO Xoves 1 Teatro Afundación de Vigo | Sábado 3 e domingo 4 Teatro Principal de Ourense | Sábado 17 Auditorio Municipal de Cangas | Sábado 30 Teatro Jofre de Ferrol

Womex 16 [The World Music Expo]

DATAS

Do 19 ao 23 de outubro

Ultrashow de Miguel Noguera | Filmanova & Comedy Central

DATAS

26 de outubro ás 19.30 h

Centenario de Lorca en Galicia | Poliédrica Central

GUIARRA: Samuel Diz | **CON:** Carolina Alba e Ian Gibson

DATAS

27 de outubro ás 19.30h

Festival Agustín Magán 16 | Federación Galega de Teatro Afeccionado [FEGATEA]

DATAS

Do 29 ao 31 de outubro ás 21.00 h

CINEUROPA | Concello de Santiago de Compostela

DATAS

Do 4 ao 27 de novembro

As catro estacións | Centro Coreográfico Galego

DATAS

1, 2 e 3 de decembro ás 20.30 h

Xornadas sobre Dramaturxia Galega | Centro Dramático Galego e DramaturGA

DATAS

Do 8 ao 10 de decembro

+info páx. 31

Salvador | Borja Fernández RESIDENCIA

+info páx. 34

Illa/Ollo | Nasdrovia

DIRECCIÓN: Roi V. Ponte | **TEXTO:** Manuel Lourenzo | **DIRECCIÓN:** Chiqui Pereira | **ELENCO:** Simón Piñón e Gustavo Fouce | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Nasdrovia | **ILUMINACIÓN:** Monroi Vipont coa colaboración de Coti e Javier Quintana

O mariñeiro Ulises sofre durante o seu dificultoso regreso da guerra de Troia un decisivo naufraxio que o leva ata a cova do ciclope Polifemo, un malvado xigante dun só ollo que come todos os mariños do rei de Ítaca. Ulises refúxíase nun recuncho do antro do monstro protexido por Sileno, o rei dos sátiros, que vive dende hai tempo escravizado polo ciclope. O conflito entre os dous personaxes está servido: Ulises pensa en escapar da cova para volver a Ítaca, onde o agardan a súa muller Penélope e o seu fillo Telémaco; Sileno está ben como está e non ve necesario saír dunha illa na que Polifemo lle dá todo o que necesita a cambio de servilo. Mais os dous personaxes poden chegar a un acordo para que Ulises poida escapar sen a necesidade de matar a Polifemo: cegar o seu único ollo cunha estaca ardente. Está Ulises seguro de que quere poñer fin ás súas aventuras? E como comprender a actitude conformista de Sileno?

DATAS

16 e 17 de decembro ás 20.30 h

Cousas que trouxo a chuvia | Aula de Teatro da USC

TEXTO E DIRECCIÓN: Roberto Salgueiro | **ELENCO:** Julia Ammerman, Alba López, Lara Pouso e Carmen Tomás | **AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Miguel Gendre

Estrea da nova proposta escénica de Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a cargo de Roberto Salgueiro.

DATAS

19 e 20 de decembro ás 21.00 h

Cantos de poeta | Gelria

TEXTO, DIRECCIÓN E ESCENOGRAFÍA: Gelria | **VOZ EN OFF:** Manuel Rivas e Ana San Martín | **VOZ:** Elena Tarrats | **PIANO:** Federico Mosquera | **PERCUSIÓN:** Mario G. Cortizo | **CONTRABAIXO:** Pablo Pérez Sanmamed | **CON:** Colaboradores sorpresa

Este concerto presenta o libro disco *Cantos de Poeta*, primeiro traballo da banda Gelria. Trátase dunha antoloxía na que atopamos catorce dos principais poemas da lírica galega de todos os tempos postos en música por Gelria, que nos fan viaxar dende o Rexurdimento de Curros Enríquez e Rosalía de Castro ata escritores dos nosos días como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Chus Pato. Cada autor e cada peza determina o seu propio estilo musical, dende a música tradicional ata a contemporánea, pasando polo jazz.

A voz en off de Manuel Rivas, que recita poemas propios escritos especialmente para esta ocasión, serve como introdución ás cancións que conforman esta antoloxía.

DATAS

27 de decembro ás 20.30 h

GRAN TEATRO PARA OS MÁIS PEQUENOS

Aproveitando que as nenas e nenos saen ás rúas en Nadal, deseñaremos a nosa programación infantil para que entren ao teatro. Faremos un gran teatro para os máis pequenos. Ademais, nesta ocasión os rapaces poderán librarse dos seus pais e das súas compras de Nadal, participando nalgún dos talleres que se desenvolverán dúas horas antes de cada función. Aprenderán algo máis sobre o espectáculo que verán despois e, de paso, levarán o resultado da súa aprendizaxe á casa.

**Non se require que un adulto acompañe o menor durante o taller, pero si durante a función.*

Xurdefet | Berrobambán

TEXTO: Paula Carballeira a partir de Jacques Prévert | **DIRECCIÓN:** Chiqui Pereira | **ELENCO:** Paula Carballeira, Chiqui Pereira e Nuria Sanz | **ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN:** Baltasar Patiño | **VESTIARIO:** José Campanari | **MÚSICA:** Nacho Sanz | **ASESORAMENTO COREOGRÁFICO:** Olga Comeselle | **ASIST. DE DIRECCIÓN:** José Campanari

Calquera día é bo para unha festa, aínda que a túa nai non queira que saias da casa, por se te mollas, por se te ensuxas, por se alguén te leva, por se non atopas o camiño de volta, por se... Unha muller, que foi nena hai algún tempo, volve ao patio da súa casa e lembra un día de festa no que descubriu que os animais tiñan preocupacións moi semellantes ás súas: non querían medrar nunha gaiola, non querían que os insultasen, non querían aburrirse, non querían xogar sen compañía.

DATAS

22 e 23 de decembro | TALLER DA LUZ (30 prazas) ás 17.00 h | FUNCÍONS ás 19.00 h

O poder de Amabel | Pérez & Fernández

TEXTO: Victoria Pérez a partir de Érica Esmorís | **DIRECCIÓN:** Xosé Leis e Victoria Pérez | **ELENCO:** Manu Fernández, Victoria Pérez, Érica Esmorís (voz en off) e Xosé Leis (voz en off) | **AMIGURUMIS:** Irene Pidal | **ESCENOGRAFÍA:** Jacobo Bugarín e Xosé Leis | **MÚSICA:** Mathew Ward e Xabier Romero | **ESPAGO SONORO:** Manu Fernández

Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha intelixencia abraiante e incluso a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel todavía non sabe cal é a súa actividade extraordinaria. Para descubri-lo embarcarase co seu amigo Braulio en aventuras moi peculiares. Amabel e Braulio, dous amigos que non se ven dende a escola, reencóntranse anos máis tarde en Tokio. Alí recordarán un especial Outono que viviron xuntos no 82, un dos seus primeiros recordos de nenos; eses aos que debemos voltar para sentirnos na nosa verdadeira patria: a infancia.

Peza de actores e monicreques. Os monicreques son Amigurumis, unha tendencia ou moda xaponesa que consiste en tecer bonecos mediante a técnica de crochet ou ganchillo.

DATAS

29 e 30 de decembro | TALLER DE MONICREQUES (30 prazas) ás 17.00 h | FUNCÍONS ás 19.00 h



A danza da choiva | Elefante Elegante

TEXTO, DIRECCIÓN E ESCENOGRAFÍA: Gonçalo Guerreiro e María Torres | **ELENCO:** Gonçalo Guerreiro e María Torres | **VESTIARIO:** Marcia Edletisch | **ILUMINACIÓN:** Dani Pais | **MÚSICA:** Mano Panforreireiro | **COREOGRAFÍA:** Ánxela Blanco

Chove. A auga da choiva é recollida en recipientes de metal espaxados polo espazo. Escoitase un galo cantar. Chegan dous personaxes. Recollen verduras da horta e sementan cereais. Espantan un bando de paxaros que tenta comer as sementes que acaban de botar á terra e chantan un espantallo na horta para protexer o cultivo. Ao regar, decátanse de que non lles queda auga. Agardan que chova, pero non chove... O tempo pasa e segue sen chover. O lugar está agora seco e deserto. Bailan unha "Danza da choiva" coa esperanza de facer chover. Choverá? Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca *A danza da choiva*, un espectáculo sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os monicreques.

DATAS

7 de xaneiro | TALLER DO SON (30 prazas) ás 17.00 h | FUNCIÓN ás 19.00 h
8 de xaneiro | TALLER DO SON (30 prazas) ás 16.00 h | FUNCIÓN ás 18.00 h

O conto de inverno | Teatro da Oficina

DATAS

Do 12 ao 14 de xaneiro ás 20.30 h | 15 de xaneiro ás 18.00 h

+info páx. 13

Bicos con lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, Cándido Pazó, Xavier Lama, Suso de Toro, Ana Iglesias, Núñez Singala, Marta Echeverría | **DIRECCIÓN:** Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais e Artur Trillo | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Carlos Alonso | **ILUMINACIÓN:** Dani Trillo

Este espectáculo nace dun forte sentimento de amor cara a algo tan propio coma é a nosa lingua. Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senón de afondar nun problema real e, certamente, preocupante. Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescobrimiento dunha lingua que existe e que medra na súa inmensa riqueza, a pesar dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.

DATAS

16 de xaneiro ás 10.30 e 12.00 h

Pelos na lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, María Ordóñez, Artur Trillo e Séchu Sende | **DIRECCIÓN:** Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais, María Ordóñez e Artur Trillo | **VESTIARIO:** Marcia Edletisch | **ILUMINACIÓN:** Dani Pais | **MÚSICA:** Mano Panforreteiro | **COREOGRAFÍA:** Ánxela Blanco

Un divertido espectáculo-collage que fala en clave positiva da situación crítica que está vivir a lingua galega. *Pelos na lingua* vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos), independentemente da súa posición respecto á lingua: aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non, aos que pensan que o galego debería ser a lingua universal, aos que pensan que debería ser o inglés a lingua universal, aos que cren que a maioría dos galegos falan castelán, aos que cren que a maioría dos galegos falan galego, a políticos, a mestres, a alumnos, a actores, a actrices, a carpinteiros, a carpinteiras, a todos e a todas.

DATAS

17 de xaneiro ás 10.30 e 12.00 h

Política de terra queimada | Santa Nómima

DATAS

20 e 21 de xaneiro ás 20.30 h | 22 de xaneiro ás 18.00 h

+infopáx. 35

Vida e morte de Daniel Faria | Materiais Diversos

DATAS

Do 25 ao 28 de xaneiro ás 20.30 h | 29 de xaneiro ás 18.00 h

+info páx. 17

Resaca | ilMaquinario Teatro [Escenas do Cambio]

DIRECCIÓN: Tito Asorey | **DRAMATURXIA:** Ana Carreira | **ELENCO:** Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Míguez, e Vadim Yukhnevich | **ESCENOGRAFÍA:** Laura Iturralde e Montse Piñeiro | **ILUMINACIÓN:** Tito Asorey | **COPRODUTORES:** Concello de Ourense

No verán de 2016, cinco amigos deciden xuntarse co ánimo de reconstruír a súa propia memoria xeracional e familiar a través da historia dunha persoa común que desapareceu e marcou as súas vidas: Álex. Unha morea de cadernos, centos de pensamentos, conversas, fotos, vinilos, casetes e obxectos diversos son os materiais empregados como punto de partida para unha investigación que tamén se converte en descuberta persoal por parte de cada un deles. Como influíron na conformación do discurso individual os nosos referentes? Cantas versións diferentes poden existir sobre un mesmo recordo? De que maneira nos pode salvar a memoria da vertixe dun mundo de ritmos cambiantes e imparables?

DATAS

1 de febreiro ás 20.30 h

Desconexión | Xurxo Cortázar

DATAS

10 e 11 de febreiro ás 20.30 h | 12 de febreiro ás 18.00 h

+info páx. 36

Festival Internacional de Teatro Universitario | USC

O Festival Internacional de Teatro Universitario celebra a súa XXIII edición.

DATAS

Do 13 ao 17 de febreiro ás 21.00 h

Banda Municipal | Concello de Santiago

DATAS

19 de febreiro ás 12.00 h

Helena. Xuízo a unha lurpia | Teatro do Atlántico

DIRECCIÓN: Xúlio Lago | **TEXTO:** Miguel del Arco | **ELENCO:** María Barcala | **ESCENOGRAFÍA:** Antonio F. Simón |
ILUMINACIÓN: Xúlio Lago | **VESTIARIO:** Susa Porto | **MÚSICA E ESPAZO SONORO:** Anxo Graña

Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, “a bela Helena”, a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de Paris. Estamos no século XXI. Helena xa non é “a bela Helena”, senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo; malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso Paris, co desafío e o rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos —Aquiles, Ulises—, coa impotencia diante da crueldade da guerra...

“Quen escribe a historia?”. Helena diríxese reiteradamente a nós con esa interrogante, rexeitando a maneira en que foi contada a súa vida. Agora quere que, antes de xulgala, escoitemos a súa versión dos feitos, sorprendéndonos cun relato apaixonado, intenso, cheo de tenrura, de humor, de berro e de dignidade.

DATAS

21, 22 e 23 de febreiro ás 11.00 h | do 23 ao 25 de febreiro ás 20.30 h | 26 de febreiro ás 18.00 h

30 e tantos ósos | Aporía Teatro

DIRECCIÓN: Diana Mera | **TEXTO (a partir de materiais de creación colectiva):** Teté García, Diana Mera e Merche Pérez | **ELENCO:** Teté García, Diana Mera, Merche Pérez e María Roja | **ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN:** Diego Valeiras |
VESTIARIO: Aporía Escénica

Unha viaxe de catro mulleres de trinta e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcasas prefabricadas, adoptando condutas alleas, deciden transcender a pel e a carne a través da figura mítica da Loba, para chegar aos seus ósos, á materia máis elemental, onde se inscribe a súa historia persoal e colectiva e se atopa, desterrado, o seu potencial máis vital e salvaxe.

DATAS

2, 3 e 4 de marzo ás 20.30 h | 5 de marzo ás 18.00 h

Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego

DATAS

Do 1 ao 23 de abril

+info páx. 06

Unha rosa entre as pernas | Teatro en Punto

DIRECCIÓN: Gloria Rico | **TEXTO:** Alfonso Becerra de Becerreá | **ELENCO:** Xosé Luis Bernal “Farruco” e Roberto Leal | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** TEP

Dúas persoas. Unha situación cotiá dentro do cuarto de baño. Ou non, depende de para quen. Queredes acompañarnos?

TEATRO OB-SCENO: Con *Unha rosa entre as pernas* inauguramos o ciclo de teatro ob-sceno (fóra da escena) no Centro Dramático Galego, que dará cabida a aquelas propostas que precisen dun espazo alternativo ao escenario para a súa representación. Nesta ocasión será o cuarto de baño dos camerinos do Salón Teatro o que acollerá esta magnífica peza de Alfonso Becerra de Becerreá, moi atinadamente dirixida por Gloria Rico.

DATAS

27, 28, 29 e 30 de abril ás 20.00 h

Mostra de Teatro Universitario de Galicia | USC

A Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela exhibe as obras dos grupos teatrais universitarios de Galicia.

DATAS

Do 24 de abril ao 4 de maio ás 21.00 h

Symon Pédicrí | Diego Anido

IDEA ORIXINAL E DIRECCIÓN: Diego Anido | **TEXTO:** Jorge Acebo, Diego Anido e Pablo Rosal | **DRAMATURXISTA EXTERNO:** Jordi Fondevila | **ELENCO:** Diego Anido | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Isabel Franco | **ILUMINACIÓN:** Àlex Aviñoa | **SON:** Pablo Rega | **VÍDEO:** Jordi Soler | **ASESORAMENTO ANTIMATERIA:** Pablo Rosal | **ASESORAMENTO TEÓRICO:** Víctor Molina | **ASESORAMENTO TECNOLÓXICO:** Martí Sánchez Fibla | **ASESORAMENTO EQUILIBRIO MENTAL:** Raquel Regueira | **ASESORAMENTO VENTRILOQUÍA:** Miguel Ángel Lembo | **ASESORAMENTO FORENSE:** Catherine Willows | **COLABORADOR ARTÍSTICO:** Andrés Corchero | **PRODUCCIÓN EXECUTIVA:** Mónica Pérez e María Ros | **COPRODUTORES:** CAET Tarrassa-Festival TNT, Festival ALT Vigo e FIOT Carballo | **COLABORADORES:** El Graner Fábrica de Creación, Mercat de las Flors e CDG. Dotado co Fondo de Axuda para Creación Iberescena.

Symon, cirurxián autodidacta de gran talento, nace 9 meses, 9 días e 16 horas despois da morte doutro Symon Pédicrí, o seu irmán e homónimo, con cuxa sombra se bate durante toda a súa vida.

Sabedor de que o seu outro eu tivo que morrer para que os seus pais o concibisen, chegou a aplicar o legado científico dos Pédicrí, antigos cirurxiáns de cabalos, sobre o seu propio corpo.

Tras anos de adicción á televisión e un correcto fracaso escolar, en 2002 Diego Anido inicia a súa andaina en artes escénicas en Santiago de Compostela. *Symon Pédicrí* continúa a liña comezada cos seus anteriores espectáculos desenvolvendo con humor e demencia a deforme personalidade de Symon Pédicrí, un personaxe capaz de entregar o seu corpo por un patético aínda que para el sacro fin.

The ego and hero, along so.

DATAS

5 e 6 de maio ás 20.30 h | 7 de maio ás 18.00 h

Tropical | Elefante Elegante

DATAS

10 e 11 de maio ás 11.00 h | 12 e 13 de maio ás 20.30 h | 14 de maio ás 18.00 h

+info páx. 37

Os mortos daquel verán | Talía Teatro

DATAS

16 de maio ás 11.00 h e ás 20.30 h | 17 de maio ás 20.30 h | 18 de maio ás 11.00 h e ás 20.30 h

+info páx. 21

Salvador | Borja Fernández

DATAS

Do 19 de maio ao 21 de maio

+info páx. 34

Bu21 | Avento Producións Teatrais

DIRECCIÓN: Xoán Abreu | **TEXTO:** Stuart Slade | **ELENCO:** Fernanda Barrio, Dunia Díaz, Rocío Salgado, Machi Salgado, Martín Máez e Fran Peleteiro | **ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN:** Diego Valeiras | **VESTIARIO:** Avento Producións

22 de xullo de 2017. Unha fermosa mañá de sol en Londres. Os avións deixan o rastro tras deles cruzando o ceo despexado. Unha forte luz repentina e, para miles de persoas na capital inglesa, a vida cambia para sempre. BU21 está baseada en testemuñas reais recollidas de diversos incidentes terroristas, entre eles as bombas do 7 de xullo en Londres, o 11-S, os ataques en París etc.

A peza fai un seguimento de seis persoas novas tras un ficticio ataque terrorista no centro de Londres. Por momentos terrible, inspiradora, brutal, conmovedora e hilarante.

DATAS

Do 24 ao 27 de maio ás 20.30 h | 28 de maio ás 18.00 h

Mostra de Cinema Etnográfico | Museo do Pobo Galego

Proxección dos filmes seleccionados para a Mostra de Cinema Etnográfico organizada polo Museo do Pobo Galego. Poderanse ver propostas que teñan como intención primordial mostrar aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais e os xeitos de vivir e de entender a vida no seo dunha comunidade. Abrangue filmes que teñan como foco principal as persoas, os grupos sociais ou procesos históricos relevantes relacionados coa antropoloxía e a etnografía.

DATAS

Do 29 de maio ao 4 de xuño

Galicia Escena PRO

O Salón Teatro alberga de novo unha parte importante de Galicia Escena PRO (GEP), o mercado galego das artes escénicas que cada ano organiza en Santiago de Compostela a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e dun programa de actividades paralelas, esta iniciativa tómallo o pulso á actualidade do sector en Galicia. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma dende a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e demais axentes culturais.

Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artículase como punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial do sector, así como a proxección social da creación escénica.

DATAS

Do 12 ao 15 de xuño

SERVIZOS

Cesión de materiais

Os fondos do CDG están a disposición daquelas entidades que os soliciten. O préstamo estará suxeito á dispoñibilidade dos fondos no momento do pedimento.

Cesión de espazos

Os diferentes espazos do Salón Teatro están a disposición daquelas entidades que os soliciten. A cesión estará suxeita á dispoñibilidade dos mesmos nas datas do pedimento.

Salón Teatro

Visitas guiadas

Ofrécese visitas guiadas polo Salón Teatro a grupos (mínimo de 10 persoas) para achegar o edificio e a súa actividade a todos aqueles que estean interesados.

Así mesmo, ofrécense visitas guiadas técnicas (levadas a cabo por un membro do noso equipo técnico) orientadas a grupos de estudantes (mínimo de 10 persoas) de Artes Escénicas, Producción ou Tecnoloxía do Espectáculo.

Billeteira

DESCONTOS*

O CDG continúa coa súa política de descontos na procura de facilitar o acceso ao teatro a todos os públicos.

65 % Funcións escolares

60 % Grupos (a partir de 10 persoas, previa reserva e con necesidade de organizar algún sistema de transporte)

50 % Día do espectador (Domingo)

40 % Grupos (a partir de 10 persoas, previa reserva)

40 % Carné Xove, desempregados, estudantes, familia numerosa, maiores de 65, xubilados

40 % Profesionais das Artes Escénicas e xornalistas con acreditación

OFERTA

Producións propias **3 x 2 só na billeteira**
(se traes a dous espectadores, invitámosche ao teatro)

GRATUÍTO PARA OS MÁIS PEQUENOS

Prezo da localidade **8 €**

Prezo familiar (3 entradas para o mesmo espectáculo) **18 €**

Bono (4 entradas para calquera dos espectáculos + acceso gratuíto ao taller) **24 €**

Acceso aos talleres fóra de bono **5 €**

**Os descontos non son acumulables. O día do espectador quedan anulados outros posibles descontos.*

CDE

